

Concello da Cañiza

CONCURSO DE COMPARSAS “ENTROIDO 2026”

CONCELLO DA CAÑIZA

B A S E S REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS DO CONCURSO DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2026, QUE SE CONVOCA POLO CONCELLO DA CAÑIZA. EXPEDIENTE 143/2026:

Artigo 1. Obxecto

1. Establécense as bases reguladoras das concesións que efectúe o Concello da Cañiza para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios do Concurso de Comparsas participantes no Entroido 2026 que convoca o Concello da Cañiza.

2. Estes premios son compatibles con calquera outra subvención, axuda ou ingreso para a mesma finalidade, procedente de calquera das administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

Artigo 2. Aplicación orzamentaria

Os gastos inherentes a estes certames imputaranse á partida orzamentaria 334.48000 do orzamento xeral do Concello da Cañiza prorrogado ao 2026.

Artigo 3. Concorrencia competitiva

O réxime de concesión será de concorrencia competitiva, no cal a concesión dos premios se realiza mediante a comparación das comparsas presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar os premios a aquelas que obtivesen maior valoración por parte do xurado.

Artigo 4. Normativa reguladora

En todo o non previsto por estas bases reguladoras serán de aplicación as seguintes normas:

- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Concello da Cañiza

Artigo 5. Publicación das bases

Estas bases publicaranse na web municipal (www.caniza.org) e nas súas redes sociais.

Artigo 6. Finalidade

1. Os premios regulados nestas bases diríxense a promover a cultura, e máis especificamente, a fomentar a creatividade artística.

2. Adicionalmente, o Premio pretende satisfacer as seguintes finalidades:

- a) Fomentar a participación de todas e todos aqueles que teñan inquietudes artísticas.
- b) Promover a nosa cultura a través dunha festa tan arraigada no noso pobo como é a celebración do Entroido.

Artigo 7. Requisitos dos participantes.

1. Poderá participar no certame calquera persoa, de nacionalidade española ou estranxeira, que cumpra os seguintes requisitos:

- A comparsa que se presente ha de ser inédita.
- A comparsa non puido ser presentada en ningún outro certame nin ter sido premiada con anterioridade. As autoras/es garantirán a autoría e orixinalidade das comparsas presentadas ao concurso, así como que non é copia ou modificación de ningunha comparsa allea, nin integral, nin parcialmente.

Artigo 8. Temática

A temática das comparsas será libre.

Artigo 9. Número de compoñentes das comparsas

As comparsas deberán ter un mínimo de cinco compoñentes.

Artigo 10. Prazo de presentación das comparsas

O prazo de admisión de comparsas rematará o 13 de febreiro de 2026 ás 13 h

Concello da Cañiza

Artigo 11. Lugar e horario de inscrición das comparsas

A inscrición das comparsas farase na B.P.M. da Cañiza, no seguinte enderezo:

Biblioteca Pública Municipal da Cañiza

Rúa Progreso nº 21 – 2º Andar

36880- A Cañiza (Pontevedra)

En horario de luns a venres de 10 a 13 h e de 16.30 a 20 h e sábados de 10 a 14 h.

Artigo 12. Categorías

Establécense dúas categorías de participación:

1. Infantil: (Ata os 14 anos incluídos)
2. Adulto: (A partir de 15 anos)

Considérase comparsa infantil, aquela que teña un mínimo de 60 % de nenas-os (ata os 14 anos incluídos). Todas aquelas comparsas que non cumpran esta porcentaxe serán consideradas adultas.

Artigo 13. Criterios de valoración das comparsas.

As comparsas presentadas serán valoradas en base aos seguintes criterios:

1. Desfile.
2. Creatividade e orixinalidade da comparsa.
3. Forza expresiva da comparsa.
4. A graza e o bo humor con que se leva o disfraz.

Artigo 14. Premios

Establécense os seguintes premios por categorías:

1. Categoría Adultos:
 - 1º Premio: 500 € + 100€ polo enterro do «Rexoubón»
 - 2º Premio: 300 €
 - 3º Premio: 200 €
 - 4º Premio: 150 €+ 100 € para a comparsa gañadora como axuda para elaboración do “Rexoubón”
2. Categoría Infantil:
 - 1º Premio: 500 €
 - 2º Premio: 300 €
 - 3º Premio: 200 €
 - 4º Premio: 150 €

A organización resérvase o dereito de deixar vacante calquera dos premios do concurso.

Concello da Cañiza

Artigo 15. Composición do xurado e deliberacións.

O xurado será designado polo Concello da Cañiza, quen, no seu día, fará pública a composición do mesmo.

1. A valoración das comparsas corresponderá a un xurado que terá a seguinte composición:

Catro persoas relacionadas profesionalmente co mundo das artes (pintura, moda, teatro,...)

Actuará como secretario un empregado público do Concello da Cañiza (sen voto).

2. Unha vez avaliadas as comparsas, o xurado deberá emitir o seu fallo no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O fallo do xurado será inapelable.

3. As deliberacións do xurado serán secretas e levantarase acta da xuntanza.

4. O xurado resérvase a facultade de interpretar estas bases así como as normas de cada convocatoria, así como de resolver calquera imprevisto.

5. O fallo do xurado publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Cañiza.

6. Será causa de abstención do xurado, as establecidas no artigo 23-34 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Artigo 16. Fallo do xurado

O fallo do Xurado farase público o día 15/02/2026 no mesmo acto público onde se realice o desfile; será comunicado a través da megafonía situada no palco onde estean situados os membros do xurado ás comparsas gañadoras, as cales se comprometen a asistir ao acto formal da entrega de premios e a recoller tanto a axuda/subvención como o premio.

Artigo 17. Entrega de premios.

A entrega de premios realizarase durante o acto posterior ao desfile e terá lugar na Rúa Antonio Facorro o mesmo día 15/02/2026.

Artigo 18. Cronograma do proceso do concurso.

3-febreiro-2026.- Apertura do prazo para a inscrición das comparsas.

13-febreiro-2026.- Ás 13 h, Data límite de inscrición de comparsas.

15-febreiro-2026.- Ás 16 h, Concentración das comparsas inscritas na Carballeira do Cacharado da Cañiza.

Concello da Cañiza

15-febreiro- 2026.- Ás 16.30 h, Desfile das comparsas participantes pola ruta fixada pola organización.

15-febreiro- 2026.- A continuación, actuación das comparsas participantes no lugar fixado pola organización.

15-febreiro- 2026.- Unha vez rematadas as actuacións das comparsas participantes, xuntanza do Xurado para deliberar.

15-febreiro - 2026.- Posteriormente farase público o fallo do Xurado e comunícase a todos os concursantes.

15-febreiro - 2026.- Cerimonia de entrega da axuda e dos premios, no palco situado para o efecto na rúa Antonio Facorro.

Artigo 19. Publicación dos premiados

O fallo do concurso farase público de acordo co artigo 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). Dado que se trata de actos integrantes dun procedemento de concorrência competitiva, a práctica da notificación efectuarase, de conformidade co disposto no apartado b) do artigo 45 LPACAP, mediante o seu anuncio no Taboleiro de edictos e na páxina web municipal. A organización resérvase o dereito de publicación en calquera outro medio ou publicación

Artigo 20. Axuda/subvención do Concello da Cañiza

O Concello da Cañiza ofrece unha axuda/subvención de 10 € para todas e todos os participantes que completen o desfile, cun **máximo de 400 euros por comparsa**, independentemente do número total de participantes e cuxos membros estean maioritariamente empadroados no Concello da Cañiza, ata un límite de crédito de 3.200 €. Para obter á mesma deben entregar cuberta a solicitude normalizada que aparece como anexo nestas bases.

Artigo 21. Actuación das comparsas

1.A actuación das comparsas participantes terá lugar na rúa Antonio Facorro da Cañiza no lugar asignado pola organización.

2.O tempo máximo fixado de actuación para cada comparsa será de 4 minutos, puidendo ser penalizadas todas aquelas que se excedan do tempo estipulado.

3.Non está permitido empregar ningún tipo de artiluxio pirotécnico (bengalas, nitróxeno, petardos, ...)

Concello da Cañiza

Artigo 22. Enterro do Rexoubón

O enterro do Rexoubón celebrarase o sábado seguinte á realización do Concurso de comparsas se as condición meteorolóxicas o permiten. Se por esta causa non se puidera celebrar o enterro, adiaríase para o sábado posterior ao concurso con bo tempo; establecéndose a data do sábado 28 de marzo como data límite para a realización do enterro. Se non se celebre este último día, o enterro quedaría suspendido de xeito definitivo.

A inscrición no Desfile-Concurso de comparsas leva consigo a aceptación das comparsas participantes de asistir e participar no Enterro do Rexoubón cun mínimo do 50 % das persoas inscritas en cada comparsa.

Asemade o 1º Clasificado da Categoría de adultos será o encargado das seguintes cuestións:

1. Elaboración do boneco do Rexoubón
2. Portadores do féretro na comitiva fúnebre do seu enterro.

De non cumprir con estes requisitos, a organización poderá penalizar ás comparsas participantes no concurso que non cumpran coa devandita porcentaxe ou con algunha das dúas cuestión mencionadas no parágrafo anterior.

Os participantes no Enterro do Rexoubón deberán vestir de rigoroso loito, perfectamente identificados.

Percorrido

O Enterro do Rexoubón sairá ás 19.30 h dende a Carballeira do Cacharado, de onde partirá a comitiva para percorrer ás rúas da Cañiza en dirección ao aparcadoiro do Regueiro, onde terá lugar a cerimonia de incineración para dar remate á Festa.

Artigo 23. Protección de datos

Os datos persoais facilitados polos concursantes serán tratados de conformidade ao establecido na Lei Orgánica 03/2018, de 05 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos Dereitos Dixitais, puidendo os mesmos exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

Artigo 24. Aceptación

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases e a conformidade coas decisións do Xurado. A organización reservase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

Concello da Cañiza

Artigo 25. Adiamento do desfile por cuestións meteorolóxicas

O desfile terá lugar o domingo 15 de febreiro de 2026. No caso de inclemencias meteorolóxicas, trasladarase para o vindeiro domingo con bo tempo.

Establecéndose a data do domingo 22 de marzo como data límite para a realización do concurso. Se non se celebre este último día, o concurso quedaría suspendido de xeito definitivo.

Artigo 26. Xustificación e interese xeral.

O artigo 8.1º da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, determina que as subvencións propostas polas administracións públicas estean incluídas con carácter previo no Plan estratéxico de subvencións, non obstante exceptúanse na inclusión nese plan en supostos extraordinarios onde hai que motivar o porqué é necesario establecer a nova subvención.

Esta nova subvención responde ás necesidades que se pretenden satisfacer e facilitar a consecución dos obxectivos que se pretenden alcanzar:

- Promover a cultura e máis especificamente, fomentar a creatividade artística.
- Fomentar a participación activa da poboación cañicense na celebración das nosas festas tradicionais.
- Concienciar ás nosas veciñas e veciños na defensa das nosas tradicións e da nosa cultura. Que expresen as súas inquedanzas artísticas a través do deseño tanto das tradicionais carrozas de entroido como dos seus traxes de disfraces.

Porque é o noso deber como institución pública máis próxima á nosa cidadanía adoptar medidas para tentar manter as nosas tradicións xa que a festa de entroido está profundamente arraigada ao noso pobo e forma parte da nosa cultura.

Por este feito considerase axeitado a convocatoria deste Concurso de comparsas entre as nosas veciñas e veciños do noso municipio, para celebrar o Entroido 2026.

Artigo 27. Norma final

En todos aqueles aspectos que non se encontren expresamente contemplados nestas bases, o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso, incluídas as reclamacións que puideran xurdir en relación cos premios concedidos.

Concello da Cañiza

ENTROIDO 2026

Folla de inscrición e de solicitude da subvención para o
Concurso de Comparsas do domingo 15 de febreiro

COMPARSA ADULTOS
NOME:
IDADE:
DNI:
ASOCIACION:
CIF:
REPRESENTANTE:
TELEFONO DE CONTACTO:
Nº DE MEMBROS:
NOME DA COMPARSA:

E solicita a subvención que o Concello ofrece.

Nº de membros	Subvención	10 € por membro	Total	€
Nomes e apelidos:				
1		26		
2		27		
3		28		
4		29		
5		30		
6		31		
7		32		
8		33		
9		34		
10		35		
11		36		
12		37		
13		38		
14		39		
15		40		
16		41		
17		42		
18		43		
19		44		
20		45		
21		46		
22		47		
23		48		
24		49		
25		50		

O beneficiario desta subvención declara responsablemente que non obtivo
ningunha outra axuda para a mesma finalidade e que non ten débedas AEAT,
ATRIGA, Facendas Municipais nin coa Seguridade Social.

A Cañiza, de de 2026
Hora:
A/O Solicitante

Concello da Cañiza



ENTROIDO 2026



Folla de inscrición e de solicitude da subvención para o
Concurso de Comparsas do domingo 15 de febreiro

COMPARSA INFANTIL
NOME:
IDADE:
DNI:
ASOCIACION:
CIF:
REPRESENTANTE:
TELEFONO DE CONTACTO:
Nº DE MEMBROS:
NOME DA COMPARSA:

E solicita a subvención que o Concello ofrece.

Nº de membros	Subvención	10 € por membro	Total	€
Nomes e apelidos				
1		26		
2		27		
3		28		
4		29		
5		30		
6		31		
7		32		
8		33		
9		34		
10		35		
11		36		
12		37		
13		38		
14		39		
15		40		
16		41		
17		42		
18		43		
19		44		
20		45		
21		46		
22		47		
23		48		
24		49		
25		50		

O beneficiario desta subvención declara responsablemente que non obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade e que non ten débedas AEAT, ATRIGA, Facendas Municipais nin coa Seguridade Social.

A Cañiza , de de 2026
 Hora:
 A/O Solicitante